


CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS
CONCELLO DE TEO

87

NOME Mámoa nº 3 do Chan do Pouso		GRAO DE PROTECCIÓN III		CÓDIGO GA15082087
PARROQUIA	Luou (Santa María)	PLANIMETRÍA (CPTOPV E. 1:5.000)		120-37
LUGAR	Loureiro	COORD. U.T.M. X 534.154 Y 4.737.061		Alt. 296 m s.n.m.
A. TIPOLÓXICA	Túmulo megalítico			
A. CULTURAL	Neolítico			
DESCRICIÓN Túmulo megalítico de aproximadamente 12 m de diámetro e 60 cm de altura.				
Esta mámoa serve de límite entre tres propiedades, polo que sobre a súa superficie hai dous cómaros, con dúas gabias paralelas, que desfiguran considerablemente a masa tumular. Sobre o terzo Sur so túmulo hai un cómaro orientado no sentido E-W, que ocasionou no momento da súa construción a destrución superficial da masa tumular existente ó Sur deste. Contra este cómaro entéstase outro, orientado no sentido N-S, que pasa sobre o terzo Oeste do túmulo e provocou unha forte redución do volume da masa tumular existente ó Oeste deste.				
ÁREA DE PROTECCIÓN INTEGRAL (Superficie destacada en cor azul) Superficie comprendida dentro do límite do perímetro máis externo do ben		ÁREA DE CAUTELA (Superficie delimitada por unha liña vermella) Entorno adaptado ó redor do perímetro máis externo do ben		

